

LIÑAS ESTRATÉXICAS 2016-2019

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

- 1. PRESENTACIÓN**
- 2. MISIÓN E VISIÓN**
- 3. BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2011-2015**
- 4. CONTEXTO**
- 5. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS**
- 6. DEZ IDEAS-FORZA**
- 7. MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO**

1. PRESENTACIÓN

Neste documento quedan reflectidos os obxectivos e estratexias que guiarán as actuacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante o período 2016-2019. Con estas liñas de actuación iníciase unha nova etapa que consolida os esforzos da entidade nos últimos 18 anos, en aras de traballar cunha mirada a medio prazo e sempre coa intención de mellorar nos procesos e adaptámonos ás peculiaridades e demandas do municipalismo cooperante.

Este novo ciclo, se ben segue unha liña de continuidade co período anterior, presenta importantes retos, principalmente nas áreas de relación coa base asociativa, sensibilización, proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxección da entidade. Trátase dunhas liñas estratéxicas ambiciosas que procuran dar un paso máis alá nos principais eidos de traballo para procurar unha maior eficacia, eficiencia e impacto, abordando á vez o noso crecemento cuantitativo e cualitativo e a mellora de determinados procesos internos de traballo e xestión. Nesta andaina será imprescindible unha maior implicación e participación dos nosos socios, para o que se buscarán ferramentas que así o propicien.

As Liñas Estratéxicas 2016-2019 estrutúranse en 9 obxectivos que resumen de xeito claro e sintético as principais orientacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para os próximos catro anos. Cada un dos obxectivos inclúe liñas para acadalos e ten asignadas metas cuantificables, o que tamén supón unha novidade con respecto ás liñas estratéxicas anteriores.

Cómpre remarcar que este documento baséase na firme intención de espallar os valores da solidariedade e os Dereitos Humanos en Galicia, así como contribuír á erradicación da pobreza e desigualdades nos países do Sur. Tivéronse en conta os novos retos da cooperación ao desenvolvemento e as necesidades e demandas dos nosos socios tras un traballo de análise e reflexión levado a cabo no período inmediatamente anterior.

2. MISIÓN E VISIÓN

- MISIÓN

A misión do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está fixada nos Estatutos da entidade. Estaría definida polas seguintes finalidades:

a) Contribuír desde o ámbito galego ao desenvolvemento dos países empobrecidos mediante a constitución, administración e xestión dun fondo económico que se constituirá a partir das achegas das entidades asociadas e outras que puidera recibir.

b) A promoción, financiamento e xestión de proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e/ou de sensibilización.

c) Posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas.

d) Asesorar ás entidades locais en materia de cooperación ao desenvolvemento e de relacións internacionais.

e) Impulsar a participación da opinión pública e da cidadanía co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países do Sur, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol do establecemento dunha nova orde económica internacional que erradique a pobreza da face do planeta.

f) Apoiar, e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade.

g) Fomentar as relacións e a colaboración das entidades locais coas ONGD, colectivos de solidariedade e outras institucións ou organismos que compartan idénticos fins, promovendo un intercambio permanente de experiencias.

h) Procurar que, progresivamente, todas as institucións públicas e privadas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ao desenvolvemento destinen un mínimo do 0,7% dos seus respectivos orzamentos para este fin.

i) Crear un centro de documentación, información e formación que fundamente e proporcione a debida coherencia ás políticas de sensibilización e de cooperación a impulsar dende esta asociación, fomentando o estudo e a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.

k) Orientar as políticas de formación de persoal, de capacitación e de profesionalización desde a perspectiva da cooperación descentralizada.

l) Realizar calquera outro obxectivo compatible coas finalidades do Fondo e que non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

- VISIÓN

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nace no ano 1997 en resposta ás demandas e ansias de solidariedade da cidadanía galega, que esixía unha maior implicación das administracións locais na contribución da erradicación da pobreza e as desigualdades. Así, o Fondo Galego, recoñecido pola Fegamp como a axencia da cooperación municipalista en Galicia, pretende conseguir a implicación de todos os concellos e deputacións da nosa Comunidade na construción dun mundo máis xusto e solidario, seguindo os preceptos dos Dereitos Humanos e do desenvolvemento humano sustentable e propiciando este compromiso como un espazo de encontro das diferentes sensibilidades e forzas políticas con presenza no mundo local.

A construción dunha política mancomunada en cooperación ao desenvolvemento para as administracións locais galegas vén fundamentada nunha serie de valores: participación, implicación, responsabilidade, igualdade, equidade, sustentabilidade, xustiza, innovación, traballo en pé de igualdade e proxección exterior de Galicia.

3. BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2011-2015

O contexto de crise económica foi o elemento clave que determinou a formulación das Liñas Estratéxicas 2011-2015. Evitar das pasos atrás, coa perda de socios ou de actividade asociativa, e a necesidade de fortalecerse internamente, foron dúas constantes ao longo da pasada lexislatura. Neste contexto, a Comisión Executiva do Fondo Galego aprobou dous documentos que guiaron o noso traballo ao longo destes catro últimos anos: as Liñas Estratéxicas 2011-2015 e o Manifesto “A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego”. Afrontar con realismo a situación e solucións imaxinativas foi o tronco central do espírito destes documentos. Canda eles, guiounos tamén o compromiso ao respecto dos fundamentos estatutarios da asociación en relación á defensa e promoción dos Dereitos Humanos e a acción exterior de Galicia. Compromisos que, nunha situación convulsa económica e sociopolíticamente, foron só capaces de superarse desde o convencemento de que somos unha rede de persoas e institucións onde o factor humano é un elemento crítico.

Como ben coñecemos, foron 13 os concellos e 2 as deputacións que abandonaron a nosa entidade no anterior mandato, unhas cifras non moi negativas tendo en conta o grao de endebedamento e de complicada situación económica das entidades locais galegas e tendo en conta tamén que na lexislatura 2009-2011 as baixas ascenderon a 10. Así mesmo, contamos con dúas novas altas. Cómpre, en calquera caso, recoñecer o grande esforzo realizado por todos os socios que permaneceron, grazas ás medidas adoptadas internamente para garantir unha maior flexibilidade no pagamento das cotas e dando maior importancia ao compromiso coa cooperación municipalista e á participación na rede, indo máis aló da mera transferencia de recursos. Podemos dicir que pese ao duro golpe que representaron as baixas das dúas deputacións, conseguimos que as saídas foran progresivamente diminuindo e que mantivésemos o tronco da asociación vivo e activo, cunha participación notable tanto nas Asembleas Xerais como nas Redes Municipalistas Solidarias.

No eido das **relacións institucionais**, seguindo as directrices das Liñas 2011-2015, intensificamos as accións de *lobby* e de defensa e promoción do noso modelo de traballo en rede, na idea de visibilizar un perfil definido como axencia da cooperación internacional local, recoñecido dentro e fóra de Galicia. Unha das primeiras decisións que se marcou a Comisión Executiva foi a de manter unha relación máis fluída e activa coa Fegamp. Neste sentido, en 2012 asinouse un novo convenio de colaboración, xa que o último databa do ano 2005 e tiña a súa orixe nun contexto político e económico completamente diferente para as entidades locais. Froito deste diálogo, o Fondo Galego retomou a disposición dunha páxina na publicación trimestral da Fegamp, ‘Concellos Galegos’, intercambiáronse os banners nas webs das dúas asociacións, comezáronse a realizar actos abertos do Fondo Galego nas instalacións da Fegamp e sistematizáronse os convites á participación nas actividades do

Fondo Galego aos concellos non socios, directamente convidando á asistencia a Asembleas Xerais ou Redes Municipalistas Solidarias e, indirectamente, por medio de actividades coma o concurso Imaxes con Fondo, que se abriron á participación de toda a cidadanía galega. Finalmente, o 5 de febreiro de 2014, aprobouse o novo convenio de relación entre o Fondo Galego e a Fegamp, que declara ao Fondo Galego como “a axencia do municipalismo galego en materia de cooperación internacional e promoción en Galicia dos Dereitos Humanos”.

Durante os 17 anos de vida da asociación, a Xunta de Galicia foi un pilar central do financiamento económico do Fondo Galego, representando o 50% do seu orzamento histórico, xa por medio dos convenios de sensibilización, xa a través de proxectos a prol do desenvolvemento humano no Sur, especialmente en Cabo Verde e Cuba. Froito da grave crise económica actual, estas achegas para proxectos de cooperación ao desenvolvemento diminuíron progresivamente en 2010, e a partir do ano seguinte foron suprimidas. No ano 2013, o convenio anual de sensibilización foi suspendido, incumpríndose o II Plan Director da Cooperación Galega. Cómpre destacar que en 2014 se aprobou o Plan Director 2014-2017 e que, logo de moitos atrancos, a figura do Fondo Galego foi institucionalmente destacada e, tras un áspero debate, Cabo Verde continuou como país prioritario da Cooperación Galega. Porén, a relación coa Xunta de Galicia non foi sinxela durante a pasada lexislatura e será misión da nova CE tentar recompoñer esta relación histórica e fundamental no marco da Cooperación Galega.

Por outra banda, a relación coa Coordinadora Galega de ONGD intensificouse na procura dunha defensa cohesionada das políticas públicas de cooperación en Galicia, como así indicaban as Liñas Estratéxicas 2011-2015. Neste sentido, a Coordinadora participou activamente no Consello Municipalista da Cooperación e na definición das bases das convocatorias de proxectos de 2012, 2013 e 2014. Ademais, abríronse novas vías de traballo conxunto, como a conmemoración do Día internacional para a erradicación da pobreza o 17 de outubro, levando exposicións e recursos educativos das ONGD aos concellos socios.

No marco da reforma da administración local promovida dende o goberno central, a Confederación de Fondos, na que o Fondo Galego está integrado, aprobou a Declaración de Valencia en 2013, na defensa da cooperación internacional desde o local e o modelo dos Fondos como redes desde o local. Cómpre destacar tamén que a Presidencia da Confederación (Fons Català) compareceu no Senado para defender a Declaración de Valencia e tamén se colaborou na organización na FEMP dunhas Xornadas nas que participaron redes de cidades europeas defendendo a pertinencia da cooperación internacional desde o local.

Así mesmo, na pasada lexislatura finalizouse o proxecto: ‘Redes para o desenvolvemento/*Networking for development*’, que nos unira a concellos de Portugal e Alemaña, presentando o noso modelo de funcionamento en rede, que é o principal rol do

Fondo neste proxecto, sendo identificada a nosa fórmula de traballo como un modelo de boas prácticas a nivel comunitario. Este primeiro proxecto, que se executou entre 2010 e 2013, alongouse ao período 2014-2017, desta vez tamén canda concellos e ONGD de Portugal e Alemaña, e ao que se incorporaron autoridades locais holandesas. Cómpre destacar que, froito desta iniciativa, en 2014 constituíuse en Portugal a *Rede Intermunicipal de Cooperação para o Desenvolvemento*, que basea o seu modelo de traballo de maneira explícita no exemplo do Fondo Galego.

Á súa vez, cómpre sinalar que neste período 2011-2015 intensificamos a relación coa Unión Mundial de Gobernos Locais, e que a raíz desta relación participamos nun seminario con autoridades locais de Mozambique e Brasil, para explorar futuras vías de colaboración conxunta.

En canto aos **proxectos de cooperación ao desenvolvemento**, seguimos as Liñas Estratéxicas 2011-2015 que defendían a pertinencia das convocatorias de cooperación indirecta, nun momento crítico para as ONGD, froito dos recortes en cooperación, como un posicionamento en defensa da sociedade civil organizada arredor da cooperación internacional en Galicia. Realizamos convocatorias de proxectos nos anos 2012, 2013 e 2014, aumentando progresivamente os fondos económicos, froito do saneamento e estabilidade da asociación. Tamén intensificamos os mecanismos de participación e transparencia arredor das convocatorias, reforzando os contactos coas ONGD e a Coordinadora de ONGD que participaron activamente nos Consellos Municipalistas da Cooperación. Introducimos mudanzas na convocatoria na procura de aliñalas xunto ao modelo do Fondo Galego, primando de maneira determinante o aliñamento co modelo da asociación xa ben en relación aos nosos países prioritarios, o enfoque local dos proxectos, de Dereitos Humanos, medioambiental ou de xénero, ou coa necesidade de realizar actividades de sensibilización arredor dos proxectos en entidades socias. Elaboramos un plan de visibilización de proxectos que puxo en valor o traballo conxunto entre as ONGD e o Fondo Galego, que dá conta regularmente dos avances e resultados dos proxectos. Debe destacarse que, pese a discriminación positiva que sofren os países de lingua oficial portuguesa en relación ao aliñamento do Fondo Galego cunha acción exterior con ollada propia, as ONGD galegas concentran o seu traballo en América do Sur ou Centroamérica e de aí que case a totalidade dos proxectos apoiados se realicen nestas áreas xeográficas.

En relación á cooperación directa, o labor centrouse en Cabo Verde e Nicaragua, en boa medida grazas ao compromiso determinante do Concello de Vigo, que por medio de convenios extraordinarios de carácter anual deu seguimento aos esforzos de cooperación directa da asociación, tanto en 2012, como en 2013 e 2014.

Cómpre destacar que neste 2015 realizamos un proxecto de cooperación cultural arredor das migracións ilegais, en Guiné-Bissau, 'Causas Comúns', co apoio extraordinario do

Concello de Pontevedra. Ao tempo, retomamos a cooperación directa en Mozambique coa Fundação Encontro arredor da saúde comunitaria, nun proxecto que se alongará até 2016 e que deberá ser central para asentar o traballo do Fondo Galego en Mozambique xunto ás súas autoridades locais.

O traballo tradicional coa cidade de Santiago de Cuba paralizouse, agardando un contexto máis favorable que permita dar seguimento ao proxecto máis importante apoiado polo Fondo Galego na súa historia, o Plan Mestre da cidade.

En canto ás axudas de emerxencia debemos destacar que decidimos canalizar os nosos esforzos económicos a través das axencias do sistema ONU, por medio de ACNUR arredor do supertifón Haiyán en Filipinas e por medio da UNRWA en relación aos reiterados bombardeos en Gaza. Tamén en 2013 rematou o proxecto en colaboración co Fons Català en Haití, logo do terremoto de 2011.

Na área de **sensibilización** combinamos as actividades tradicionais dispoñibles para a Rede Municipalista Solidaria, como as exposicións e ciclos de cine circulantes, a Tropa de Trapo, as Vacacións con Traballo ou as Xornadas anuais de cooperación; canda novidades que xerasen marca arredor do Fondo Galego, coma o concurso Imaxes con Fondo e as actividades derivadas del xunto á celebración de actividades coas ONGD, xa ben arredor do Día mundial para a erradicación da pobreza, as actividades vinculadas aos proxectos que cofinanciamos nos países empobrecidos ou obradoiros directos con ONGD, coma os realizados con Amarante e Agareso. As memorias de actividades e as fichas de avaliación dan conta de que a cantidade de socios participantes como tamén o número de persoas envolvidas nas actividades incrementáronse de maneira significativa, representando a lexislatura onde máis socios e persoas participaron de maneira directa en actividades da asociación.

Na lexislatura 2011-2015 sistematizamos a área de **comunicación** do Fondo Galego, mediante pasos progresivos que cristalizaron en 2013 coa aprobación do Plan de Comunicación da entidade (*offline* e *online*). O Plan sistematiza todos os mecanismos de comunicación interna entre os socios e externa coa sociedade. O documento abrangue desde o perfeccionamento e ordenación da páxina web, a sistematización do traballo nas redes sociais e plataformas dixitais como Youtube ou Ivoox, a newsletter mensual da entidade ou o novo formato do IAF (Infórmate a Fondo) dixital. Á súa vez, o servizo de comunicación estivo a disposición dos asociados para a personalización de notas de prensa e a visibilización do compromiso solidario das nosas entidades socias. O esforzo realizado en comunicación permitiunos posicionar o Fondo na sociedade galega e na cooperación española, abrindo unha fiestra diaria ao carrusel de actividades que semana a semana se reparten polo territorio galego, nos nosos proxectos no exterior e coa imprescindible reflexión que abriron os encontros dixitais #Alén2015.

A **situación económica** ao comezo da lexislatura 2011-2015 acumulaba fortes débedas coa asociación, tanto de cotas de socios como de convenios vinculados a proxectos non pagados, que progresivamente se foron recuperando e dándolle liquidez á entidade. A política que seguiu a CE foi a da contención do gasto, dados os rápidos recortes en materia de cooperación internacional e a máxima de non deixar ningunha débeda cos nosos parceiros no exterior e non prexudicar a marca Galicia. Progresivamente, a situación foise estabilizando e 2014 ofreceunos un escenario máis cómodo, pechando o ciclo 2011-2015 nunha situación de liquidez e cuns niveis de débeda coa asociación fortemente reducidos en comparanza co ano 2011.

Como conclusións dos resultados acadados na lexislatura que vimos de pechar, cómpre sinalar que:

1. Revalorizamos a historia e o modelo de traballo do Fondo Galego en torno aos Plans anuais de actividades.

En 2012 arredor dos 15 anos da asociación, en 2013 arredor da Irmandade Galicia Cabo Verde, en 2014 arredor do traballo en relación aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e neste 2015 en torno aos 10 anos do programa Vacacións con Traballo.

2. Sistematizamos un traballo relacionado entre as áreas de proxectos, sensibilización e comunicación, retroalimentándose a si mesmas, gañando en impacto e coherencia.

3. Melloramos a información e a comunicación entre os socios e coa cidadanía galega.

4. Mantivemos a cooperación directa e indirecta pese ás dificultades e recortes orzamentarios.

5. Conseguimos os mellores resultados en canto a participación dos socios na implementación de actividades e persoas participantes en actividades da entidade en Galicia, como dan cumprida conta as nosas memorias anuais de actividades.

4. CONTEXTO

Se a lexislatura 2011-2015 viu marcada pola profunda crise económica que afectaba con contundencia aos nosos municipios, este novo período deixa paso a unha etapa de maior estabilidade, o que a priori pode resultar esperanzador. O cambio de goberno en moitos dos nosos municipios e a participación de novas formacións políticas abre un novo escenario, máis plural, no que seguiremos aplicando a máxima da transpartidariedade e consenso que caracteriza o facer do Fondo Galego.

Un acontecemento que marcará de facto esta nova lexislatura será a conmemoración do 20 aniversario da xestión e nacemento do Fondo Galego, un feito histórico para a vida desta asociación. A cooperación galega e, sobre todo, a cooperación municipalista galega, estará de parabéns polos logros acadados nestes anos de traballo, do que se dará boa conta chegado o momento. Cómpre aproveitalo para reflexionar sobre o noso momento e reivindicar a idoneidade deste espazo tan próximo á cidadanía para exercer a solidariedade.

Internamente, o Fondo Galego conta aínda cunha serie de debilidades, como o baixo orzamento, a insuficiente implicación dos socios ou a escasa visibilidade entre o conxunto do sistema institucional e a propia poboación galega. Tamén con ameazas externas: que se produzan novas baixas de socios, o fin da colaboración económica da Xunta de Galicia, unha lexislación que declare a cooperación ao desenvolvemento como unha competencia non municipal, etc. Mais tamén contamos cunha serie de fortalezas que cabe mencionar: ampla experiencia e traballo acumulado, participación en redes estatais e internacionais, situación económica favorable, boa comunicación cos socios e coa cidadanía galega e boa participación e receptividade das entidades asociadas ás actividades do Fondo Galego.

Son tamén moitas as oportunidades para este novo período: o cambio político nalgúns concellos pode favorecer a consecución de novas incorporacións na asociación, poden aprobarse políticas de maior apoio á cooperación ao desenvolvemento, temos a posibilidade de realizar proxectos de cooperación cun maior impacto, visibilidade e sustentabilidade e, así mesmo, xa contamos coa capacidade de experimentar e innovar na área de sensibilización, para ofrecer aos socios actividades novidosas que sexan interesantes para a cidadanía, etc.

Non podemos esquecer que, previsiblemente, en 2017 terá lugar a aprobación do IV Plan Director da Cooperación Galega. Será un momento importante para fraguar una alianza institucional coa Xunta de Galicia para conseguir o recoñecemento, visibilización e protección desta institución. Os actores da cooperación galega teremos o deber de conseguir incluír nese plan as particularidades da cooperación ao desenvolvemento (municipalista ou non) feita desde Galicia, así como de acadar un maior peso político e orzamentario para a axenda da cooperación e a solidariedade.

Para iso, tras as dificultades na xestión compartida coa Xunta de Galicia durante a pasada lexislatura, cómpre recuperar unha atmosfera de colaboración. Así mesmo, debemos profundar na alianza coa Coordinadora Galega de ONGD e coa Fegamp. A Confederación de Fondos pode e debe ser tamén unha plataforma axeitada para posicionar o traballo e os logros acadados polo Fondo Galego ao longo destes 20 anos no marco estatal e internacional, así como propiciar alianzas concretas con outros Fondos cos que compartamos liñas de traballo.

Non cabe dúbida de que a sociedade galega está cada vez máis conectada co mundo global e é máis consciente das desigualdades Norte-Sur e dentro da nosa propia sociedade, polo que o Fondo Galego ten perante si un universo inxente de posibilidades para poder facer chegar a súa mensaxe de defensa dos Dereitos Humanos á poboación, máis alá das novas sensacionalistas ou dunha visión paternalista e neocolonial das poboacións do Sur. A toma de conciencia sobre a nosa responsabilidade como sociedade nas desigualdades a nivel mundial é outra materia que a nosa asociación debe abordar. Os cambios de mentalidade prodúcense lentamente, mais é a única vía para garantir un futuro máis xusto e equitativo a nivel mundial.

E xa por último, cómpre sinalar que a redacción das presentes Liñas Estratéxicas prodúcese no marco da recente “crise de persoas refuxiadas”, situación que consterna á poboación mundial e que provocou ondas de solidariedade tamén entre os nosos concellos e deputacións socias, que se apresuraron a ofrecer as súas instalacións para a acollida destas persoas. O Fondo Galego, como axencia da cooperación municipalista galega, toma partido e amosouse desde o primeiro momento disposta a participar en todo este proceso de integración e acompañamento das refuxiadas e refuxiados, de común acordo con outras institucións implicadas.

5. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E MELLORAR A SÚA PARTICIPACIÓN ACTIVA

- **ESTRATEXIA 1.1: CONSEGUIR NOVOS CONCELLOS E DEPUTACIÓN SÓCIAS**

É importante expandirnos cara outros Concellos que nunca entraron a formar parte do Fondo Galego, ademais de recuperar aqueles outros que compartindo o ideario consideráronse na obriga de solicitar a baixa. O contexto xeral é máis favorable para que poida haber unha maior sensibilidade por parte do poder local en torno á temática da cooperación e a solidariedade, especialmente tras a pasada crise das persoas refuxiadas.

- **ESTRATEXIA 1.2: FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DOS SOCIOS NA ACTIVIDADE ORDINARIA DA ORGANIZACIÓN**

Non só é importante a participación no Fondo Galego de xeito económico, senón que debe procurarse que a política pública da cooperación estea presente nas entidades socias. Así mesmo, haberá que poñer en práctica novas fórmulas para fomentar a participación activa dos nosos socios e una maior implicación nas actividades que realizamos.

OBXECTIVO 2: FORTALECIMENTO DA ESTRUTURA DO FONDO GALEGO

- **ESTRATEXIA 2.1: FORTALECIMENTO DA SECRETARÍA TÉCNICA**

Cómpre incrementar e fortalecer as nosas competencias técnicas tras a redución sufrida na pasada lexislatura. Só se contamos cunha estrutura profesionalizada e comprometida co proxecto estaremos en condicións de asegurar a súa continuidade con garantías de solvencia. Esas competencias atinxen á Secretaría pero tamén ao capital relacional acumulado na Rede Municipalista Solidaria e que ten un valor incalculable para proxectar adecuadamente as actividades do Fondo.

- **ESTRATEXIA 2.2: POTENCIAR A IMPLICACIÓN DAS/OS RESPONSABLES POLÍTICAS/OS**

A concienciación e implicación das persoas que exercen a representación política do seu Concello/Deputación no Fondo Galego, resulta imprescindible para acadar o correcto funcionamento dos órganos que constitúen esta entidade: Asemblea Xeral, Comisión Executiva, Rede Municipalista Solidaria, Consello Municipalista da Cooperación e a Comisión Avaliadora de proxectos. A engrenaxe de toda esta estrutura é realizada desde a Secretaría Técnica. A participación activa das/os políticas/os e a apropiación do proxecto será unha meta a lograr nesta nova lexislatura. Serán realizadas consultas e deseñadas actividades e/ou accións para promover a implicación política dos Concellos, e tamén se promoverá a visibilización das mesmas. Igualmente, cómpre multiplicar os esforzos para que o conxunto

das corporacións locais asociadas participen desta sensibilidade, especialmente tendo en conta que os acordos de adhesión ao Fondo Galego foron sempre adoptados por unanimidade.

OBXECTIVO 3: MELLORAR O ESTATUS INSTITUCIONAL E RECOÑECIMENTO

- **ESTRATEGIA 3.1: IMPULSO DO RECOÑECIMENTO DO FONDO GALEGO**

Desde o Fondo Galego debemos facer fincapé na importancia do recoñecemento das políticas de cooperación e solidariedade desde o eido local. Para iso está prevista a creación Do Pleno de Valedoras e Valedores, que defenderán a valía e utilidade do Fondo Galego.

- **ESTRATEGIA 3.2: ACADAR O RECOÑECIMENTO E NOTORIEDADE COMO AXENCIA MUNICIPALISTA DA COOPERACIÓN POR PARTE DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE COOPERACIÓN E DOUTROS ACTORES**

O Fondo Galego debe converterse nunha referencia pública e social no eido da cooperación ao desenvolvemento en Galicia, de modo que tanto nos concellos e deputacións como noutras entidades da vida pública se instale unha práctica lexitimadora do Fondo. Isto deberá procurarse a través dunha maior información sobre as actividades e misión do Fondo Galego non só ao groso da cidadanía galega, senón especialmente ás entidades públicas do sector. Outra actividade a realizar sería a participación en eventos, cursos e seminarios organizados e financiados por nós mesmos ou por outros organismos da cooperación galega, como ente experto ou como público asistente, para interactuar con outros actores da cooperación. Así mesmo, declaracións e comunicados en datas sinaladas poden resultar de interese para remarcar a notoriedade do Fondo Galego como axente municipalista da cooperación.

OBXECTIVO 4: IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DO FONDO GALEGO EN REDES ESTATAIS E INTERNACIONAIS

- **ESTRATEGIA 4.1: REVITALIZAR A PARTICIPACIÓN NA CONFEDERACIÓN DE FONDOS**

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupou a Secretaría da Confederación de Fondos na pasada lexislatura, con altos e baixos na actividade de dita organización. Problemas internos dalgún Fondos de cooperación cun peso importante dentro da Confederación orixinaron o relogo da actividade coordinada dos Fondos a un plano secundario. Na actualidade, a Confederación de Fondos atópase nunha etapa de letargo, mais con amplas posibilidades de que colla un renovado impulso nesta nova lexislatura que recén comeza. O Fondo Galego debe adoptar un papel activo e conciliador dentro da Confederación, tratando de recuperar a capacidade de iniciativa e discurso. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista e para emprender novas actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

- **ESTRATEGIA 4.2: PARTICIPACIÓN DO FONDO GALEGO EN REDES INTERNACIONAIS QUE ENTRONQUEN COA SÚA MISIÓN E VISIÓN**

Nestes primeiros 18 anos de traballo destaca a preocupación do Fondo Galego pola consolidación como actor e o recoñecemento e vinculación cos axentes do sector da cooperación en Galicia. Nesta nova etapa, é o momento de consolidar vínculos xa existentes con outros actores internacionais e establecer novas redes con outros axentes. Deste xeito, alentaremos a presenza do espazo local e solidario galego e o intercambio de experiencias coas iniciativas máis vangardistas, que poidan enriquecer a calidade do noso traballo. Así pois, estableceranse vínculos estables e/ou de traballo e intercambio con entidades afíns de Portugal e do espazo lusófono, así como a nivel europeo, prioritariamente.

OBXECTIVO 5: SENSIBILIZAR NOS TEMAS DE SOLIDARIEDADE E DEREITOS HUMANOS A UN MAIOR NÚMERO DE PERSOAS EN GALICIA

- **ESTRATEGIA 5.1: APOSTAR POR ACTIVIDADES ATRACTIVAS E NOVIDOSAS**

Nos 18 anos de experiencia do Fondo Galego, a evolución no eido da sensibilización foi un dos aspectos máis destacables da súa traxectoria, pasando de consistir en actividades organizadas de xeito puntual ata chegar a ser definido un plan de actividades anualmente, co cofinanciamento da Xunta de Galicia. A sensibilización gañou en peso e importancia e isto reflíctese non só no orzamento que se destina a estas actividades, senón tamén no número crecente de accións que cada ano organizan os nosos socios, o que dá conta do traballo de interiorización e valor do nosa actuación a prol da solidariedade internacional.

Nesta nova lexislatura, a sensibilización volve ocupar un posto de máxima relevancia, con introdución de cambios nos plans anuais, conscientes do esgotamento do modelo anterior. Así, serán levadas a cabo novas e innovadoras actividades que xeren curiosidade e interese do público en xeral, especialmente dos colectivos priorizados polos nosos socios. A meta será a de sensibilizar a un número de persoas cada vez maior e posicionar ao Fondo Galego como unha entidade de cooperación ao desenvolvemento coñecida e recoñecida en Galicia. Botaremos man de iniciativas relacionadas coa arte e cultura galegas ou o deporte, que poidan facilitar a visibilidade das mesmas e resultar atractivas á poboación.

- **ESTRATEGIA 5.2: DESEÑAR ACTIVIDADES ACAÍDAS PARA OS SOCIOS DO RURAL**

As actividades de sensibilización do Fondo Galego deberán ter en consideración as peculiaridades dos socios do mundo rural, que contan cunha poboación máis avellentada, un ritmo de vida e un acceso á información inferior aos da poboación dos socios urbanos. Estes socios precisan actividades que se adecúen ás súas características e que poidan resultar de interese para a mediana e terceira idade, o grupo poboacional máis esquecido na área de sensibilización.

OBXECTIVO 6: MELLORAR NA CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- **ESTRATEGIA 6.1: REDEFINICIÓN DOS PAÍSES PRIORITARIOS**

En aras dun mellor aproveitamento das vantaxes comparativas de Galicia con respecto a outros Fondos e ao conxunto da propia cooperación española, nesta nova etapa cómpre centrar esforzos na cooperación con países da lusofonía. Así, se a pasada lexislatura se pechou con proxectos en curso en Cabo Verde e Mozambique, é preciso agora afortalar a cooperación cos países lusófonos, facendo algunha revisión, posto que Cabo Verde xa é considerado un país de desenvolvemento humano medio. Para destacar e poñer en valor esta peculiaridade do Fondo Galego, sería preciso iniciar proxectos de cooperación ao desenvolvemento con outro país da Lusofonía, por exemplo, Guiné-Bissau.

Por outra banda, cómpre retirar da nosa lista de prioritarios países de América Latina que contan coa presenza doutros actores estatais e internacionais e onde a participación do Fondo Galego non supón unha plusvalía.

Os países prioritarios no período 2016-2019 serían os países lusófonos, con estratexia de saída de Cabo Verde, Cuba e Nicaragua.

- **ESTRATEGIA 6.2: IMPULSO DE PROGRAMAS**

Tras a experiencia acumulada pola Secretaría Técnica na área de proxectos conclúese a necesidade de mellorar a calidade na xestión dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento, a pesar das melloras conseguidas na última lexislatura. Así, o apoio a programas de cooperación ao desenvolvemento que inclúan de tres a catro anos de execución, no canto de impulsar diferentes proxectos cada ano, tanto para a cooperación directa como para a cooperación indirecta, permitiría obter un maior impacto e sustentabilidade, así como estreitar lazos e incrementar o coñecemento e coordinación no traballo cos parceiros. O desenvolvemento de programas transformadores é unha das esencias do Fondo Galego, polo que o acompañamento das comunidades do Sur, máis alá das actividades, resultados e obxectivos que impoñen os programas, permite ter un retorno en clave de experiencia acumulada e sensibilización.

Para desenvolver os programas, no caso da cooperación directa, sería imprescindible completar o “ciclo do proxecto”, acompañando todas as fases (identificación, formulación, execución, control e avaliación) e incluíndo estudos de avaliación ao finalizar os programas, para medir os logros acadados, así como misións periódicas de seguimento a terreo.

Estas melloras non só irían incidir na propia área de proxectos, senón tamén na de sensibilización, xa que hai moitas actividades interrelacionadas, especialmente Vacacións con Traballo.

- **ESTRATEGIA 6.3: DESTACAMENTO DOS EIXOS TRANSVERSAIS DO XÉNERO, DEREITOS HUMANOS E AMBIENTAL**

Se a importancia da incorporación dos enfoques transversais de Dereitos Humanos, xénero e medio ambiente quedou reflectida na práctica das accións da cooperación ao desenvolvemento e sensibilización emprendidas polo Fondo Galego, cómpre manter e reforzar estes criterios nos programas a apoiar na presente lexislatura. Estes eixos transversais resultan fundamentais para potenciar o desenvolvemento humano perdurable e para evitar efectos adversos das accións de cooperación.

OBXECTIVO 7: INCREMENTAR O COÑECEMENTO E MAIOR IMPLICACIÓN DOS NÓSOS SOCIOS NA ÁREA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- **ESTRATEGIA 7.1: IMPULSO DE PROXECTOS DE CODESENVOLVEMENTO**

Dando un paso máis alá para a implicación dos nosos socios na política de cooperación e solidariedade, é de interese neste novo período poñer en marcha iniciativas de codesenvolvemento, atendendo especialmente á comunidade caboverdiana presente en Galicia. Levarase a cabo unha experiencia de codesenvolvemento durante a lexislatura, a modo de experiencia piloto, para posteriormente valorar a posta en marcha dun proxecto máis amplo ou planificado máis a longo prazo.

- **ESTRATEGIA 7.2: PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS NÓSOS SOCIOS EN DETERMINADAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NOS PROXECTOS EN EXECUCIÓN**

Tras a restrición das misións políticas e técnicas de seguimento dos proxectos en terreo, dadas as dificultades económicas na pasada lexislatura, cómpre retomar esta iniciativa para ampliar o coñecemento dos nosos socios da realidade dos países do Sur e acadar unha maior implicación por parte dos mesmos no actuar do Fondo Galego. Para iso, levaranse a cabo dúas misión mixtas, compostas por persoal político e técnico do Fondo Galego, a proxectos que estean en execución durante este período.

Tamén se realizarán visitas ao Norte por parte dos nosos parceiros, para que os nosos socios teñan opción a coñecelos e saber máis sobre os programas apoiados. Así mesmo, é indiscutible o grao de visibilidade que se acada coas visitas ao Norte, co cal tamén entronca coa estratexia de visibilización do Fondo Galego.

- **ESTRATEGIA 7.3: RELANZAMENTO DO COCIDE**

As cidades e deputacións socias do Fondo Galego, dado que posúen unha maior capacidade económica e persoal experto en comparación coas entidades locais de menor número de habitantes, posúen unha indiscutible potencialidade para a cooperación municipalista. Esta

cooperación, liderada pola Comisión de Cidades e Deputacións, tería dúas vías de funcionamento: por unha banda, o financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento, e, por outra, a participación en proxectos de formación e intercambio cos parceiros do Sur. O COCIDE supón, unha peza chave da estrutura do Fondo Galego para mellorar a nosa efectividade e calidade da cooperación feita desde os gobernos locais de Galicia.

OBXECTIVO 8: CONTINUAR PROMOVEDO A VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO DO FONDO GALEGO E AS CUESTIÓNS RELATIVAS ÁS DESIGUALDADES NOS POBOS DO SUR

- **ESTRATEGIA 8.1: AFONDAR NA ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN**

Dada a necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando a transparencia e multiplicando as accións informativas, cómpre deseñar un novo plan de comunicación para o presente período, que poida dar conta dos obxectivos marcados neste eido. Tras os logros acadados nos últimos anos, cómpre outorgar a esta área de traballo, fortemente vinculada á sensibilización e ao posicionamento do Fondo Galego como entidade de referencia no sector da cooperación en Galicia, un lugar destacado, en consonancia cos novos tempos e as novas canles de comunicación habilitadas.

OBXECTIVO 9: VISIBILIZAR O RIGOR E A TRANSPARENCIA NA XESTIÓN

- **ESTRATEGIA 9.1: INCLUÍR NOVAS FERRAMENTAS INTERNAS E DE CARA Á SOCIEDADE PARA AMOSAR O CUMPRIMENTO COAS NORMAS INTERNAS E A TRANSPARENCIA NA XESTIÓN.**

Cómpre multiplicar as iniciativas de transparencia que permitan dar conta do uso e aplicación dos recursos destinados ao financiamento de accións de cooperación ao desenvolvemento. A memoria de actividades anual deberá ser complementada con outros mecanismos que dean conta das actividades e programas realizados e dos gastos vinculados aos mesmos. Así, será levada a cabo unha auditoría contable ao final da lexislatura, no 2019. Xunto con isto, os datos económicos estarán accesibles e actualizados na páxina web do Fondo Galego. En canto á xestión, crearanse os protocolos que se estimen oportunos para a xestión dalgúns áreas ou accións, de cara a evitar suspicacias e dar conta engadida da transparencia que caracteriza ao Fondo Galego.

6. DEZ IDEAS-FORZA

- 6.1. Recuperación e alargamento da base asociativa do Fondo Galego, potenciando un maior compromiso a todos os niveis.
- 6.2. Capitalización do *savoir faire* do Fondo Galego, mellorando a dotación das súas capacidades internas para favorecer un salto cuantitativo e cualitativo nas súas actividades.
- 6.3. Fortalecer a sensibilización con propostas innovadoras e mais adaptadas aos diferentes segmentos que compoñen a base demográfica dos nosos socios.
- 6.4. Formulación dun novo plan de comunicación.
- 6.5. Relanzamento do COCIDE e creación do Pleno de Valedores e Valedoras.
- 6.6. Reformulación da escala dos países prioritarios e alentar o funcionamento por programas e a implementación de proxectos de codesenvolvemento.
- 6.7. Incluír a dimensión ambiental como eixo transversal destacado e esencial do noso modelo de cooperación.
- 6.8. Pular pola transparencia na xestión, fortalecendo os procesos internos e asegurando a auditoría externa das contas.
- 6.9. Acadar un pleno recoñecemento do Fondo Galego como actor substancial do sistema galego de cooperación, afirmándoo como axencia municipal galega para a cooperación ao desenvolvemento.
- 6.10. Fomentar a participación e inclusión do Fondo Galego nas redes rexionais e internacionais vinculadas coa cooperación internacional, especialmente dende o local.

6. MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO

OBXECTIVOS	ESTRATEGIAS	INDICADORES
OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E MELLORAR A SÚA PARTICIPACIÓN ACTIVA	ESTRATEGIA 1.1: CONSEGUIR NOVOS CONCELLOS E DEPUTACIÓNS SOCIAS	Anualmente adhírense ao Fondo Galego cinco novos socios
	ESTRATEGIA 1.2: FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DOS SOCIOS NA ACTIVIDADE ORDINARIA DA ORGANIZACIÓN	Supérase porcentualmente o número de asistentes ás Asembleas Xerais e nas xuntanzas das RMS da pasada lexislatura Ao cabo da lexislatura, 4 socios propuxeron actividades, proxectos ou iniciativas que se levaron a cabo desde o Fondo Galego
OBXECTIVO 2: FORTALECEMENTO DA ESTRUCTURA DO FONDO GALEGO	ESTRATEGIA 2.1: FORTALECEMENTO DA SECRETARÍA TÉCNICA	Incremento en 1 persoa como mínimo da estrutura da Secretaría Técnica
	ESTRATEGIA 2.2: POTENCIAR A IMPLICACIÓN DAS/OS RESPONSABLES POLÍTICAS/OS	Incremento da participación das/os representantes políticas/os nas actividades que organiza o Fondo Galego, así como nos órganos de coordinación. Número de actividades realizadas para promover a participación das/os políticas/os no Fondo Galego
OBXECTIVO 3: MELLORAR O ESTATUS INSTITUCIONAL E RECOÑECIMENTO	ESTRATEGIA 3.1: IMPULSO DO RECOÑECIMENTO COMPETENCIAL E LEGAL	Creado o Pleno de Valedoras e Valedores
	ESTRATEGIA 3.2: ACADAR O RECOÑECIMENTO E NOTORIEDADE COMO AXENCIA MUNICIPALISTA DA COOPERACIÓN POR PARTE DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE COOPERACIÓN	O Fondo Galego é convidado a 4 eventos anuais organizados por outros actores na área da cooperación ao desenvolvemento
OBXECTIVO 4: IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DO FONDO GALEGO EN REDES ESTATAIS E INTERNACIONAIS	ESTRATEGIA 4.1: REVITALIZAR A PARTICIPACIÓN NA CONFEDERACIÓN DE FONDOS	O Fondo Galego participa nun 80% das reunións da Confederación de Fondos O Fondo Galego ocupa un posto relevante na Executiva da Confederación
	ESTRATEGIA 4.2: PARTICIPACIÓN DO FONDO GALEGO EN REDES INTERNACIONAIS QUE ENTRONQUEN COA SÚA MISIÓN E VISIÓN	O Fondo Galego entra a formar parte de dúas redes internacionais
OBXECTIVO 5: SENSIBILIZAR NOS TEMAS DE SOLIDARIEDADE E	ESTRATEGIA 5.1: APOSTAR POR ACTIVIDADES ATRACTIVAS E NOVIDOSAS	Postas en marcha 2 actividades de grande impacto entre a poboación galega

DEREITOS HUMANOS A UN MAIOR NÚMERO DE PERSOAS EN GALICIA		Incremento do impacto nos medios de comunicación
	ESTRATEGIA 5.2: DESEÑAR ACTIVIDADES ACAÍDAS PARA OS SOCIOS DO RURAL	Deseñada, como mínimo, unha actividade de sensibilización dirixida a concellos de menos de 10.000 habitantes
OBXECTIVO 6: MELLORAR NA CALIDADE E IMPACTO DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	ESTRATEGIA 6.1: REDEFINICIÓN DOS PAÍSES PRIORITARIOS	Paralízase a cooperación directa con Cabo Verde Iniciada a cooperación nun novo país de fala lusófona
	ESTRATEGIA 6.2: IMPULSO DE PROGRAMAS	Todas as accións en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcanse en programas Todos os programas de cooperación directa terán un seguimento periódico en terreo e serán avaliados
	ESTRATEGIA 6.3: DESTACAMENTO DOS EIXOS TRANSVERSAIS DO XÉNERO, DEREITOS HUMANOS E AMBIENTAL	Todas as accións en materia de cooperación ao desenvolvemento terán en conta estes tres criterios
OBXECTIVO 7: INCREMENTAR O COÑECEMENTO E MAIOR IMPLICACIÓN DOS NÓSOS SOCIOS NA ÁREA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	ESTRATEGIA 7.1: IMPULSO DE PROXECTOS DE CODESENVOLVEMENTO	Impulsado un proxecto piloto de codesenvolvemento ao longo desta lexislatura
	ESTRATEGIA 7.2: PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS NÓSOS SOCIOS EN DETERMINADAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NOS PROXECTOS EN EXECUCIÓN	Deseñada unha actividade para promover o coñecemento e implicación dos socios na área de programas de cooperación ao desenvolvemento
	ESTRATEGIA 7.3: RELANZAMENTO DO COCIDE	Financiamento dun programa de cooperación ao desenvolvemento por parte deste órgano
OBXECTIVO 8: CONTINUAR PROMOVENDO A VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO DO FONDO GALEGO E AS CUESTIÓNS RELATIVAS ÁS DESIGUALDADES NOS POBOS DO SUR	ESTRATEGIA 8.1: AFONDAR NA ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN	Elaborado un novo plan de comunicación
OBXECTIVO 9: VISIBILIZAR O RIGOR E A TRANSPARENCIA NA XESTIÓN	ESTRATEGIA 9.1: INCLUÍR NOVAS FERRAMENTAS INTERNAS E DE CARA Á SOCIEDADE PARA AMOSAR O CUMPRIMENTO COAS NORMAS INTERNAS E A TRANSPARENCIA NA XESTIÓNS	Elaborados protocolos de actuación e visibilizados cos socios e coa sociedade xeral Visibilización na páxina web das contas do Fondo Galego Auditoría contable no 2019

